		25.000,00	Subv. CC.AA. anualidade 2020 e solicitude 2021. Programa Orientación Laboral	Custo orientadora laboral contratada (DOLORES MIGUEZ VAL)	030 24100 1300000	19.930,92	52%		
					030 24100 1300200	16.322,64			
					030 24100 1600000	11.383,68			
88.663,93	Subv. CC.AA.: Contratación temporal de persoas perceptoras de Rsga. (1ª convocatoria). Anualidade 2021: 20 traballadores Proxecto: 2020-3-RSGA20	Custe de persoal RSGA Incorpora indemnizacións por fin de contrato de importe total 6.910,38 € (concepto de gasto non subvencionable)	030 24100 1310400	73.704,11	93%				
			030 24100 1600000	21.798,33					

Pois ben, cotexado este listado de consignacións previstas no IEF 2021 co traslado ao consignado como crédito inicial de gasto no Estado de Gastos do Orzamento Xeral detectouse un erro material de omisión dalgúns destes importes nos créditos iniciais recollidos no propio estado de gastos do orzamento que se reflicte no seguinte cadro explicativo:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Inicial	Créditos iniciais recollidos no IEF 2021	Axuste proposto en Créditos Iniciais	Créditos Iniciais Aprobación Definitiva
2	010	2	24102	2040000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. ARREND. MATERIAL DE TRANSPORTE	0,00	25.600,00	25.600,00	25.600,00
2	010	2	24102	2240000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. PRIMAS DE SEGUROS	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	78.853,42	149.267,17	70.413,75	149.267,17
2	010	2	24102	2269900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. OUTROS GASTOS DIVERSOS	0,00	1.226,98	1.226,98	1.226,98
2	010	2	24102	2279900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. O. TRAB. REALIZ. POR O. EMP. E PROFESIONAIS	0,00	8.619,96	8.619,96	8.619,96
4	010	2	24102	4790000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF. CORRENTES EMPRESAS PRIVADAS	0,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00
4	010	2	24102	4890000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF CORRENTES NON NOMINATIVAS A F.I.S.F.L.	0,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00
6	010	2	24102	6090000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. INV. NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	0,00	26.511,48	26.511,48	26.511,48

En consecuencia, os créditos que resulta necesario axustar pola omisión do crédito necesario nestas aplicacións de gasto, figuran, en consecuencia, erroneamente adscritos a outras aplicacións de gasto incluídas en programas orzamentarios que non lle corresponden, sen que en ningún caso o reaxuste proposto afecte a créditos que amparen gastos comprometidos ou débedas esixibles ao Concello nin alteran o

equilibrio do orzamento municipal de xeito parcial nin total, supoñendo, en definitiva, unha variación cualitativa e non cuantitativa do mesmo.

Os créditos que se axustan para corrixir este erro material se reflicte no seguinte cadro explicativo:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Inicial	Axuste proposto en Créditos Iniciais	Créditos Iniciais Aprobación Definitiva
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	95.000,00	-40.000,00	55.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	100.000,00	-25.000,00	75.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	190.000,00	-24.038,84	165.961,16
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	258.333,33	-103.333,33	155.000,00

Do exposto, conclúese a existencia dun erro material na translación do crédito a consignar que figura recollido no IEF 2021 en distintas aplicacións orzamentarias de gasto do orzamento 2021 que teñen o carácter de afectado ao ingreso reflectido na transferencia corrente de Alcaldía baixo a aplicación 45050 de importe total 907.237,77 euros, ao crédito consignado como crédito inicial de gasto no Estado de Gastos do Orzamento Xeral, que cómpre corrixir.

Cabe dicir que coa simple comparación entre os estados numéricos incorporados ao expediente de aprobación do orzamento xeral –listados por aplicacións do estado de gastos do orzamento–, e o cadro co detalle recollido no IEF de 2021 do crédito necesario a consignar nas distintas aplicacións orzamentarias de gasto do orzamento 2021 que teñen o carácter de afectado ao ingreso reflectido na transferencia corrente de Alcaldía baixo a aplicación 45050 de importe 907.237,77 euros, detéctase este erro material de translacións de importes que é necesario corrixir.

A equivocación na transcrición deste importes en créditos iniciais verifícase coa simple comparativa ou cotexo dos documentos obrantes no expediente sen necesidade de realizar análises profundas.

Normativa aplicable:

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas-LPAC, en diante-.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local –LBRL, en diante-.

Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLF, en diante-.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas, que adopte o seguinte ditame:

Aprobación da corrección do erro material advertido no expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021 de xeito que, nos créditos iniciais recollidos do Estado

de Gastos do Orzamento Xeral onde di:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Inicial
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	78.853,42
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	95.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	100.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	190.000,00
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	258.333,33

Debe dicir ou recoller:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Definitiva
2	010	2	24102	2040000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. ARREND. MATERIAL DE TRANSPORTE	25.600,00
2	010	2	24102	2240000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. PRIMAS DE SEGUROS	5.000,00
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	149.267,17
2	010	2	24102	2269900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.226,98
2	010	2	24102	2279900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. O. TRAB. REALIZ. POR O. EMP. E PROFESIONAIS	8.619,96
4	010	2	24102	4790000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF. CORRENTES EMPRESAS PRIVADAS	30.000,00
4	010	2	24102	4890000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF CORRENTES NON NOMINATIVAS A F.I.S.F.L.	25.000,00
6	010	2	24102	6090000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. INV. NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	26.511,48
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	55.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	75.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	165.961,16
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	155.000,00

Á vista da proposta transcrita, ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do pasado día 22, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos

concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 1 BNG), acorda a aprobación da corrección do erro material advertido no expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021 de xeito que, nos créditos iniciais recollidos do Estado de Gastos do Orzamento Xeral onde di:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Inicial
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	78.853,42
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	95.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	100.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	190.000,00
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	258.333,33

Debe dicir ou recoller:

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Definitiva
2	010	2	24102	2040000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. ARREND. MATERIAL DE TRANSPORTE	25.600,00
2	010	2	24102	2240000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. PRIMAS DE SEGUROS	5.000,00
2	010	2	24102	2260600	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. REUNIONS, CONFERENCIAS E CURSOS	149.267,17
2	010	2	24102	2269900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.226,98
2	010	2	24102	2279900	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. O. TRAB. REALIZ. POR O. EMP. E PROFESIONAIS	8.619,96
4	010	2	24102	4790000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF. CORRENTES EMPRESAS PRIVADAS	30.000,00
4	010	2	24102	4890000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. TRANSF CORRENTES NON NOMINATIVAS A F.I.S.F.L.	25.000,00
6	010	2	24102	6090000	21	FOMENTO DO EMPREGO. OBRADOIROS. INV. NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	26.511,48
2	010	2	24100	2260200	21	FOMENTO DO EMPREGO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	55.000,00
2	010	9	91201	2260100	38	PROTOCOLO. ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS E REPRESENTATIVAS	75.000,00
2	010	9	91201	2260200	38	PROTOCOLO. PUBLICIDADE E PROPAGANDA.	165.961,16

Cap.	Org.	Área	Pro.	Eco.	CX	Descrición	Créditos Iniciais Aprobación Definitiva
2	030	9	93200	2279901	45	XESTIÓN SISTEMA TRIBUTARIO. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	155.000,00

6. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2021.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de data 19 de abril do corrente ano, en relación ao presente punto, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

Vista a alegación presentada en data 13.04.2021 por Dna. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da sección sindical USO, ao Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021.

Vista a certificación emitida polo Sr. Vicesecretario do Concello que consta no expediente electrónico do orzamento onde se identifica a alegación anterior como a única que consta recibida no prazo de exposición pública en relación ao expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral e ao Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021.

Visto o informe emitido con data de 15.04.2021 polo director de área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior en contestación a alegación antedita.

Visto o informe-proposta que consta no expediente electrónico do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021 de Ref. 29/2021, asinado en data 19.04.2021 polo técnico da oficina de orzamentos, de
ASUNTO: INFORME-PROPOSTA SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2021.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- En cumprimento do artigo 169.1 do TRLRFL publicouse no BOP nº 55 do 24.03.2021 o anuncio de aprobación inicial do orzamento xeral e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 17.03.2021.

No prazo establecido ao efecto, presentou alegacións Dna. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da sección sindical USO, respecto das que o Pleno dispón dun mes para resolvelas -artigo 169.1 do TRLFL-.

Segunda.- No relativo á lexitimación activa para presentar alegacións, o artigo 170.1 do TRLRFL establece que, para estes efectos, teñen a consideración de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.

c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen na defensa dos que lle son propios.

A lexitimación para formular alegacións sobre o orzamento e cadro de persoal municipais -aprobados inicialmente- da Sra. Lourdes Pedrazuela Bea -en tanto que actúa en representación da Unión Sindical Obrera (USO)- está amparada no apartado c) do artigo 170.1 do TRLRFL.

Terceira.- O TRLRFL prevé unha serie de motivos taxados polos que cabe formular reclamacións contra o orzamento inicialmente aprobado. O artigo 170.2 do TRLRFL dispón que unicamente poden presentarse reclamacións contra o orzamento:

a) Por no terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.

b) Por omitir o crédito preciso para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, ao abeiro de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Concíbese como un sistema de *numerus clausus* que obstaculiza alegar ou reclamar contra o orzamento por cuestións distintas das citadas.

Cuarta.- Neste sentido, a alegación presentada foi remitida desde a oficina de orzamentos ao departamento de persoal para que se pronunciase sobre a súa estimación ou desestimación, constando informe de contestación no expediente do orzamento emitido con data de 15.04.2021 polo director de área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior que conclúe que a alegación presentada non entra en ningún dos motivos taxados que recolle o mencionado artigo 170.2 do TRLRFL, propoñendo ao Pleno da Corporación, órgano ante a que a presentan, que a resolvan rexeitándoa, e que en consecuencia se determine a aprobación definitiva do Orzamento e o Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse á Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas, que adopten os seguintes ditames:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Dña. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da sección sindical Unión Sindical Obrera (USO), por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2021 da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2021.

QUINTO.- Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, de 20 de abril).

SEXTO.- Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do organismo autónomo “Auditorio de Galicia” 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, de 20 de abril).

SÉTIMO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

OITAVO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

NOVENO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.”

Á vista da proposta transcrita, ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do pasado día 22, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Dna. Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da sección sindical Unión Sindical Obrera (USO), por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral para o exercicio 2021, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia” e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2021 da entidade local e do seu organismo autónomo.

CUARTO.- Aprobar as bases de execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2021.

QUINTO.- Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, de 20 de abril).

SEXTO.- Se consideran anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do organismo autónomo “Auditorio de Galicia” 2020 prorrogado para 2021 que se relacionan no listado anexo a esta proposta. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2021 (artigo 21.6 do RD 500/1990, de 20 de abril).

SÉTIMO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

OITAVO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

NOVENO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A PEONALIZACIÓN DA PRAZA E ARCO DE MAZARELOS E HABILITACIÓN DUNHA ZONA DE ESTACIONAMENTO DE ALTA ROTACIÓN PARA O MERCADO DE ABASTOS.

O texto da proposición presentada con data 5 de abril do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se humanice a Praza de Mazarelos e se habilite unha zona de estacionamento de alta rotación que dé servizo ao Mercado de Abastos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal impulsouse a peonalización da Rúa de San Pedro e a peonalización branda do tramo da Avenida de Xoán XXIII máis achegado á cidade

histórica. A pesar de certos debates suscitados, en ambos casos se demostrou que as consecuencias negativas das que alertaban os sectores máis reacios ás peonalizacións non se produciron e, pola contra, o que si se aconteceu é que houbo unha palpable mellora da convivencia entre peóns e vehículos.

En coherencia con estas actuacións, nos últimos anos xurdiu unha importante demanda -que conta cun amplo consenso social- de avanzar tamén na necesidade da humanización do ámbito da Praza e Arco de Mazarelos, única peza urbanística intramuros que continúa a padecer as consecuencias da libre circulación de vehículos motorizados. Unha medida recollida no Pacto Local pola Mobilidade e que tamén fai parte das demandas dos colectivos veciñais da cidade histórica compostelá porque, neste punto, resulta especialmente complicada a convivencia entre as persoas e os vehículos, non só pola circulación senón tamén polas prazas de estacionamento existentes.

Seguindo esta liña de acompañar as demandas veciñais, no pasado mes de xuño de 2020 o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha proposición, que foi aprobada polo Pleno do Concello de Santiago, para impulsar esta necesaria peonalización de todo o ámbito da Praza de Mazarelos e, polo tanto, suprimir o tránsito rodado por debaixo do Arco. O acordo plenario, reflectiu o sentir maioritario dos grupos municipais para que se implemente esta peonalización, limitando a circulación a residentes e a transporte de mercadorías, suprimindo tamén as prazas de aparcamento existentes neste ámbito.

A pesar de existir un amplo acordo social e de que diferentes voces do goberno municipal teñan emitido, tamén, diferentes opinións sobre a humanización de Mazarelos, parece que non existe a 1 vontade política de levar adiante esta medida. Diante do necesario debate suscitado o goberno actual de Santiago de Compostela parece que se sente cómodo na parálise e en ir deixando pasar os días e os meses sen actuar. En vez de afrontar os problemas e elaborar propostas para construír consensos amplos, apóstase pola comodidade de manter una status quo que ten data de caducidade.

Un dos problemas a afrontar para levar adiante esta actuación son os temores e as inseguridades e incertezas que poidan aparecer entre o colectivo de comerciantes do Mercado de Abastos. Temores lóxicos dun sector que non sempre foi apoiado como debería telo sido pola institución local, e que ademais son uns dos piares máis fráxiles do noso ecosistema comercial de proximidade. Neste sentido, Compostela Aberta presentou unha proposta para o debate -acompañada no anexo desta proposición- que procura facilitar o uso do vehículo privado en horario de mercado, ao tempo que amplía as zonas de estacionamento residencial fóra dese horario.

A proposta ten como obxectivo eliminar o tránsito rodado na Praza de Mazarelos, pero permitindo a circulación e o estacionamento na contorna máis inmediata do Mercado de Abastos para non prexudicar a súa actividade. Para logralo propónse que a coñecida como costa da Praza, a rúa de Tras San Fiz de Solovio, teña dobre sentido de circulación, e que os vehículos circulen en modo rotonda ao redor da praza de San Fiz, onde se habilitaría un espazo central de estacionamento en batería. Esas prazas de estacionamento sumaríanse ás que se poderían manter na Travesa da Universidade e serían, todas elas, con tarifa ORA de curta duración, entre as 7:00 e as 15:00 horas. Complementariamente, sería preciso eliminar os estacionamentos en Tras San Fiz, para permitir o dobre sentido de circulación.

Esta proposta sería facilmente executable, e tan só requiriría actuacións menores como a instalación de espellos, a substitución dos bolardos móbiles de acceso a San Fiz, ou a instalación de bolardos de protección para delimitar o acceso peonil e protexer o lateral da igrexa de San Fiz. De igual maneira, conviría trasladar o paso de peóns da rúa da Virxe da Cerca máis próximo á costa da praza, para facilitar a incorporación de vehículos e aumentar a seguridade dos peóns. Ademais tamén se formula a posibilidade de que se habilite o primeiro tramo da rúa Mazarelos como estacionamento para motocicletas, que terían a entrada e a saída por Virxe da Cerca. Ao mesmo tempo, que se reconvertiría o estacionamento para motos da Virxe da Cerca, situado á altura da EASD Mestre Mateo, en prazas para vehículos, baixo o réxime da ORA de curta duración.

No total habilitaríanse 25 prazas de aparcamento de zona ORA de curta duración, que poderían ser para o uso de residentes da zona histórica polas tardes e noites e nas fins de semana a partir das 15.00 horas do sábado. Ademais, o Concello debería instalar un sistema para a sensorización das novas prazas de estacionamento en San Fiz para poder ofrecer datos en tempo real sobre as prazas dispoñibles. Esta información recolleríase en paneis electrónicos situados en ambas as dúas direccións da rúa Virxen da Cerca.

Esta proposta de estacionamento de alta rotación exclusivo para o Mercado de Abastos únese a outras anteriores realizadas polo grupo municipal de Compostela Aberta, como o da implementación dos bonos-aparcamento, e que deberían ser completadas coa elaboración dun estudo detallado e 2 pormenorizado que permita establecer e coñecer mellor os perfís de uso do Mercado, para continuar impulsando medidas de apoio a este sector concreto de comercio de proximidade.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Cumprir e executar o acordo plenario de xuño do 2020 para “que se implemente a peonalización da Praza de Mazarelos, limitando a circulación a residentes e a transporte de mercancías, suprimindo tamén as prazas de aparcamento existentes neste ámbito”.
2. Consensuar un cronograma, calendario e ritmos para implementar unha proposta de estacionamento de alta rotación para o Mercado de Abastos de Santiago, de uso exclusivo para as persoas usuarias do mesmo en horario comercial e de uso para residentes no resto do horario.
3. Elaborar un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado.
4. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, hostaleiro e en xeral coa cidadanía para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación da solución para avanzar nesta peonalización.”

Durante o debate auséntase momentaneamente o señor alcalde que pasa a ser substituído polo señor Guinarte.

No transcurso do debate, acórdase substituír o punto primeiro da proposición polo acordo adoptado na sesión ordinaria do día 20 de xuño de 2020, polo que o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 1 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Que por parte do goberno se tome en consideración a peonalización da Praza de Mazarelos para limitar a circulación a residentes e a transportes de mercadorías e suprimir as prazas de aparcamento existentes nese ámbito, realizando un estudo previo da afectación desta medida que identifique e pondere os problemas de servizo e de mobilidade que traería consigo a súa implantación, e conseguintemente valore a oportunidade da mesma.

2. Consensuar un cronograma, calendario e ritmos para implementar unha proposta de estacionamento de alta rotación para o Mercado de Abastos de Santiago, de uso exclusivo para as persoas usuarias do mesmo en horario comercial e de uso para residentes no resto do horario.

3. Elaborar un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado.

4. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, hostaleiro e en xeral coa cidadanía para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación da solución para avanzar nesta peonalización.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE A FUTURA SEDE DO IMELGA SE CONSTRÚA CONTANDO CON CONSENSO VECIÑAL E NUNHA ZONA NON RESIDENCIAL DE SANTIAGO.

O texto da proposición presentada con data 7 de abril de 2021, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo procura que a construción dun novo equipamento dotacional para cidade, como é a nova sede do Imelga, se realice con consenso veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de Xustiza en Galicia que ten por misión prestarlles asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense, así como por persoal técnico e auxiliar, ten como obxectivo a investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. Tamén é importante a súa intervención no control periódico da evolución dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións

procesuais, así como a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas.

Ademais, as súas funcións comprenden o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais. Tamén se encarga de emitir informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil sobre a idade ou sobre o sexo das persoas implicadas en expedientes gubernativos, sobre a causa da morte, etc.

Desde a posta en funcionamento do Imelga, no 2006, existe a previsión de construír un edificio para albergar a súa sede central. Inicialmente a previsión urbanística de Santiago contemplaba a súa localización na parcela na que finalmente se construíron os novos xulgados no barrio das Fontiñas. En 2008 contempláronse novas localizacións, ou máis próximas aos hospitais, ou mesmo no Polígono do Tambre, sendo ambas opcións desbotadas ao manter a dirección do Imelga o seu interese en que o edificio estivera situado o máis próximo posible aos Xulgados no barrio das Fontiñas.

Chegados ao ano 2020, tanto Concello como Xunta de Galicia manifestaron publicamente o acordo de cesión dunha parcela municipal e posterior construción da sede do Imelga na parcela DOC16 situada xusto nas traseiras do Centro Sociocultural de Fontiñas e que desde o ano 2013 tense incorporado, de facto, á zona verde que constitúe o Parque Begoña Caamaño. Finalmente, o edificio non se construír nesa parcela, grazas á mobilización da veciñanza de Fontiñas e ao acordo plenario do pasado 25 de marzo, a partir dunha proposición de CA na que se esixía a denegación do permiso para localizar a nova sede do Imelga neses terreos así como o inicio do procedemento de revisión urbanística para consolidar como zona verde todo o conxunto do Parque Begoña Caamaño.

A partir de aí, a nova localización para o Imelga comunicada polo goberno municipal sería unha parcela situada igualmente no barrio de Fontiñas, a AS-19. Unha vez máis, non houbo unha mínima interlocución nin diálogo coa veciñanza afectada das Fontiñas, particularmente no ámbito do Vieiro e as rúas Londres e Riga, e en xeral, con todo o barrio.

Alén da falta de diálogo cabe destacar tamén o enorme escurantismo co que o goberno de Santiago está a levar este tema, e do que son vítimas tanto a cidadanía como os propios grupos municipais con representación no Concello de Santiago. Porque se para albergar unha sede meramente administrativa do Imelga, que substituiría ás actuais dependencias situadas nas propias instalacións dos Xulgados poderían valer algunhas das parcelas dispoñibles nas Fontiñas, non sería este o caso cando se fala dunha sede que vai albergar tamén instalacións forenses e mortuorias que actualmente se encontran dispersas por varias localizacións da xeografía galega.

Neste sentido, e de acordo coa propia información difundida pola Xunta de Galicia, é certo que o edificio contará con espazo para oficinas e arquivos, mais tamén para o acceso dos furgóns mortuorios ou cámaras frigoríficas mortuorias, entre outras dependencias. A maiores, disporá de varias salas de autopsias que requiren alto nivel de bioseguridade BSEL3 para garantir a protección do persoal do Imelga na realización de autopsias de vítimas de enfermidades de transmisión respiratoria. Polo tanto, trátase dun edificio cuxas características están relacionadas coa perigosidade e risco de contaxio ou contaminación, debido á exposición de axentes transmisibles por aerosois que poden causar enfermidades de transmisión respiratoria como a

Covid-19. É por iso que as salas estarán dotadas dun equipamento e mobiliario específico e incluírán características técnicas especiais relacionadas coa ventilación e a descontaminación como presión negativa ou filtros de aire de alta eficacia (HEPA).

Habilitar unha sede ou edificio específico para o Imelga, contando con todas as medidas e características que sexan precisas, ten que ser considerado como un feito positivo. As e os profesionais da medicina legal necesitan poder desenvolver o seu traballo con todas as garantías e nunhas instalacións modernas e ben dotadas. Mais este feito ten que ser compatible coa comodidade destas profesionais co seu traballo e a articulación da convivencia co resto da cidadanía.

Agora que xa existe moita máis información das necesidades e características desta nova sede, dende o grupo de CA consideramos que son moitos os motivos que desaconsellan ubicalo nunha zona residencial. Entre outras motivacións destacan os condicionantes de alta seguridade que precisa este edificio -e que en ningún momento foron transparentadas polo goberno municipal- no que se localizarían salas de autopsias que acollerían potenciais riscos biolóxicos, nunha localización que aumentaría o tránsito rodado nunha concorrida zona dun barrio tan poboado como o das Fontiñas e por último, mais non menos importante que estaría ubicado a escasos metros dunha escola infantil, dun colexio, dun instituto de secundaria, dunha ludoteca, dun pavillón deportivo municipal e de amplas zonas de lecer e esparcemento.

Por todo o anterior, e tendo en conta que esta nova decisión volveu adoptarse sen diálogo algún coa veciñanza e obviando o necesario consenso que debe prevalecer entre o Concello e a veciñanza do barrio, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Atender as reivindicacións da veciñanza de Fontiñas que reclama diálogo e unha nova localización para a nova sede do Imelga.
2. Escoller unha parcela municipal, para construír a nova sede do Imelga, que estea localizada nalgún ámbito urbano afastado das zonas residenciais e que sexa adecuada, tendo en conta os condicionantes técnicos e de seguridade, para que non se poña en perigo o benestar da veciñanza de Compostela.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a devandita proposición.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS E A RECUPERACIÓN DO CONVENIO DA BIBLIOTECA COMPOSTELA PARA A TRADUCIÓN DE OBRAS Á LINGUA GALEGA.

A proposición presentada con data 19 de abril do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno sobre

as Letras Galegas e a necesidade de recuperar o convenio para da Biblioteca Compostela para a tradución ao galego de novelas contemporáneas internacionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Obras medievais como “A Crónica galega de 1404”, a “Crónica de Santa María de Iria”, “Os Miragres de Santiago” ou o “Códice das Sete Partidas”, conteñen traducións directas ao galego desde o latín e outras linguas. Logo dos Séculos Escuros, en 1897, Valentín Lamas Carvajal traduciu do francés “As tres misas do galo” de A. Dautet. Coa Xeración Nós, Losada Diéguez traduciu textos de Dante e de Arnaut e, xa coa publicación da revista Nós, medran os textos de autoría foránea traducidos a galego, desde Virxilio, Yeats ou Hördelin. Na etapa da ditadura aparece a revista Grial, que segue ese camiño, con 75 traducións de textos entre 1950 e 1975. En 1951 iníciase a Biblioteca Antolóxica de Clásicos, impulsada por Sánchez Cantón e o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos que reforza esa idea básica para a normalización do galego.

Quizais unha das máis recoñecidas foi a tradución que Ramón Otero Pedrayo realizou ao galego de fragmentos do “Ulises” de James Joyce e logo foron moitas as persoas que trouxeron ao noso idioma obras clásicas e contemporáneas internacionais e engrandeceron o coñecemento literario. Basilio Losada, Xesús Ferro Ruibal, Darío Xohán Cabana, Úrsula Heinze, María Reimóndez, Andrés Torres Queiruga, Xosé Fernández Lago, Henrique Harguindey, Antía Veres, Camiño Noia, Xoán Babarro, Elena Sherevera, Plácido Castro, Lourenzo Maroño, Iolanda Galanes, Marta Panero, Lois Tobío, Moisés Rodríguez Barcia e Xela Arias son algúns exemplos desas persoas que desenvolveron este labor que enriquece o pensamento con obras foráneas vertidas á nosa lingua.

Precisamente Xela Arias, a quen se lle dedica este 2021 o Día das Letras Galegas, estivo vinculada a Santiago de Compostela durante os seus estudos de Filoloxía e tamén como docente no Xelmírez II. Ademais de poeta e profesora, tivo entre as súas ocupacións o oficio de traducir. Da man dela, chegaron ao galego obras de Gianni Rodari, Wenceslao Fernández Flórez, Roald Dahl, James Joyce, Cervantes, James Fenimore Cooper, Vicens Beltran, Jan Terlouw, Bram Stoker, Angela Carter, Charles Baudelaire e Camilo Castelo Branco, entre outras.

Coa colaboración do Premio Novela Europea que convoca o Casino de Santiago desde 2003, en outubro de 2006 creouse a denominada Biblioteca Compostela de narrativa europea, que facilitou que cada ano se traducisen catro obras de autores/as contemporáneos/as ao galego. Esta colección xurdiu da colaboración entre a Concellaría de Cultura de Santiago de Compostela e a editorial Galaxia, mediante un convenio ratificado polos seus titulares naquel momento, Néstor Rego Candamil e Víctor Fernández Freixanes, respectivamente.

Esta iniciativa supuxo un avance na normalización lingüística do galego ao traducir obras contemporáneas e de actualidade nos mercados literarios internacionais. De feito, entre 2006 e 2012 publicáronse 28 obras novas en galego ao abeiro deste convenio co que se favoreceu a difusión de obras internacionais, ademais de apoiar o labor de diversos tradutores e tradutoras ao noso idioma. Eva Almanzán, Carlos Acevedo, Patricia Buján, Carmen Torres París, María Dolores Torres París, Lara Domínguez, María Alonso, Manuel Xestoso e Antón Vialle, entre outras, foron algunhas destas persoas encargadas destas traducións.

Así, a Biblioteca Compostela naceu con vocación de continuidade, co obxectivo de publicar catro obras europeas traducidas ao galego cada ano, unha delas a gañadora do Premio Novela Europea. Editábanse 2.000 exemplares de cada un dos libros e a colaboración económica do Concello de Santiago consistía na adquisición de 300 exemplares da primeira edición de cada título editado, por un importe de 3.000 euros.

Nese ano 2006 publicáronse en galego, ademais da última obra gañadora do Premio Novela Europea do Casino de Santiago "Xuntos e mais nada", de Anna Gavalda; "A casa dos encontros", de Martin Amis; "A pensión Eva", de Andrea Camilleri; e "A medición do mundo", de Daniel Kehlmann.

En 2007 publicáronse "Non me deixes nunca", de Kazuo Ishiguro; Fuxir, de Jean-Philippe Toussaint; "A pista de area", de Andrea Camilleri; "O retorno", de Bernhard Schlink; e "O castelo branco", de Orhan Pamuk.

En 2008, "Da beleza", de Zadie Smith; "Istambul. As lembranzas e a cidade", de Orhan Pamuk; "A elegancia do ourizo", de Muriel Barbery; e "Sardinia Blues", de Flavio Soriga.

En 2009, "O museo da inocencia", de Orhan Pamuk; "O caderno dourado", de Doris Lessing; "A fama. Novela en nove historias", Daniel Kehlmann; "Neve", de Orhan Pamuk; "Os once", de Pierre Michon; e "A rolda nocturna", de Sarah Waters.

En 2010, "Unha bonita escapada", de Anna Gavalda; "Nocturnos", de Kazuo Ishiguro; "Emaús", de Alessandro Baricco; "A viúva preñada", de Martin Amis; e "Caos calmo", de Sandro Veronesi.

En 2011, "A verdade sobre Marie", de Jean-Philippe Toussaint; "C", de Tom McCarthy; "O libro negro", de Orhan Pamuk; e "A desaparición de Esme Lennox", de Maggie O'Farrell.

En 2012, último ano destas publicacións, "Eu, Jean Gabin", de Goliarda Sapienza; "Chámome Vermello", de Orhan Pamuk; "A cea", de Herman Koch; e "Mr Gwyn", de Alessandro Baricco.

A estas hai que engadirle as obras do Premio Novela Europea do Casino de Santiago como "A Mennulara", de Simonetta Agnello Hornby; "A insólita peregrinaxe de Harold Fry", de Rachel Joyce; "Expiación", de Ian Mc Ewan; "De vidas ajenas", de Emmanuel Carrère; "Capital", de John Lanchester; "Expo 58", de Jonathan Coe; "Tierra de campos", de David Trueba; "El verano que mi madre tuvo los ojos verdes", de Tatiana Tibuelac e "Lluvia fina", de Luis Landero.

A celebración das Letras Galegas de 2021 pode representar unha oportunidade para seguir a difundir a obra de Ricardo Carvalho Calero, escollido para 2020, e que aínda ten pendente exhibir a exposición da Deputación da Coruña en Santiago de Compostela, ademais de dar a coñecer a obra e o labor de Xela Arias.

Tanto o Concello de Santiago como a Xunta de Galiza poden contribuír dun xeito decidido á tradución e á edición de libros en galego, tendo en conta que as cifras de publicacións descenderon en máis dun 50% na última década. Desde 2008, cando se publicaron 2.070 obras en galego, o número non chegou nin á metade en 2017, con 972 libros; e en 2018 foron 1.144 publicacións segundo os últimos datos do INE.

Cómpre lembrar que en Santiago de Compostela estiveron as imprentas das editoriais Nós e do Seminario de Estudos Galegos, que impulsaron a difusión de publicacións en galego, ademais de librarías desaparecidas como Niké, Galí, Gallaecia Liber ou Toural. Na actualidade tamén contribúen a este labor Couceiro, Follas Novas, Pedreira, Kómik, Lila de Lilith, Os mundos de Carlota e Númax, entre outras librarías, ás que cómpre apoiar desde as administracións especialmente nestes tempos de crise.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago de Compostela recuperará o convenio para a Biblioteca Compostela, en colaboración cunha editorial e coa organización do Premio Novela Europea do Casino, para a publicación anual de obras contemporáneas traducidas á lingua galega.

2.- O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá unha programación propia sobre a figura de Xela Arias, escritora e tradutora a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2021, que inclúa unha campaña específica en colaboración cos centros de ensino.”

No transcurso do debate decídese votar por separado os dous puntos, xa que logo o Pleno da Corporación acorda:

1.- Por 2 votos a favor correspondentes as concelleiras do BNG e 23 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e de CA (10 PSdeG-PSOE, 8 PP e 5 CA) acorda que o concello recupere o convenio para a Biblioteca Compostela, en colaboración cunha editorial e coa organización do Premio Novela Europea do Casino, para a publicación anual de obras contemporáneas traducidas á lingua galega.

2.- Por 7 votos a favor correspondentes as concelleiras do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda que o concello desenvolva unha programación propia sobre a figura de Xela Arias, escritora e tradutora a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2021, que inclúa unha campaña específica en colaboración cos centros de ensino.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORAR A CALIDADE DE EMPREGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA E FREAR A EMIGRACIÓN XUVENIL.

A proposición presentada polo BNG con data 19 de abril do corrente ano, foi substituída por un novo texto conxunto de todos os grupos políticos municipais, co seguinte contido:

“A precariedade laboral existente en Galiza, que provoca falta de estabilidade laboral e vital, está a xerar unha vaga de emigración que afecta, de maneira especial á mocidade. En concreto, na última década están a marchar 20.000 persoas cada ano por falta de oportunidades laborais pese a contar con formación e cualificación profesional especializada.

Santiago precisa fórmulas que incidan na diversificación económica, mediante o fomento da industrialización sustentábel para o impulso socioeconómico da capital do país, que se está a ver gravemente afectada por fiar boa parte da súa economía á estacionalidade que caracteriza o sector turístico e hostaleiro.

De feito, cómpre que as axudas públicas para relanzar comercio e hostalaría vaian ligadas ao mantemento das condicións estipuladas nos convenios laborais co fin de reducir a precariedade e a economía somerxida que aflorou durante a pandemia da covid-19, ao carecer numerosas persoas de contratos de traballo regularizados e ser habitual a práctica de facer horas de traballo sen cotizar.

Tamén as últimas reformas laborais provocaron que se facilitasen a contratación por horas e os despedimentos, reducindo a protección de traballadores e traballadoras, o que segue a xerar e a incrementar a inestabilidade laboral. Isto acrecéntase coa acumulación de horas extras moitas veces sen remunerar que se utilizan á libre disposición de empresarios/as e como un instrumento discrecional da xornada, o que xa constitúe un comportamento estrutural que urxe corrixir.

A nivel do Estado español, o impacto da pandemia da covid-19 tamén repercute de xeito especial entre a xuventude, pois un de cada catro menores de 25 anos perderon o seu emprego ou permanecen en ERTE e o 40% están en situación de desemprego. Mentres, no rango de maiores de 25 anos, un de cada 10 perdeu o seu emprego ou permanece en ERTE e o 15,5% están en paro.

Entre as consecuencias desta situación laboral, Galiza está entre as nacións europeas onde máis rápido descende a poboación en toda Europa, o que está a causar un grave problema demográfico que pode ser irreversible. Precisamente para apoiar territorios con problemas demográficos, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do período 2021-2027 encamiña axudas que poden ser empregadas para evitar a emigración, apostando por conseguir investimentos destinados a fixar poboación e evitar a expulsión de profesionais.

O informe de 2020 sobre fuga de talento do Comité das Rexións Europeo indicou que a fenda entre o sistema educativo e o mercado de traballo é unha das causas da emigración de profesionais e, nese sentido, insta a que sexan as autoridades subestatais, en cooperación coas estatais e europeas, as que tiren rendibilidade do investimento en capital humano dun país, que se perde coa fuxida de talento. Isto, sen dúbida, é un problema en Galiza, posto que é moi grave que se forme o alumnado en centros de ensino e nas universidades galegas sen que ese talento e profesionalidade permanezan no país.

Así, os fondos de cohesión europeos pódense empregar neste sentido, pois se trata dun problema humano, económico e demográfico, porque na súa maioría marchan persoas mozas que son as que posúen a maior capacidade reprodutiva sen que o Goberno galego actúe de xeito decidido para evitalo.

Segundo datos do IGE, 326.824 persoas marcharon de Galiza a outras comunidades españolas e ao estranxeiro no período 2009-2019, das que 37.205 tiñan entre 16 e 24 anos. Isto acontece por mor da falta de oportunidades laborais no noso país cando buscaban optar a un traballo que lles permitise conseguir a emancipación económica. Segundo datos da OCDE, a perda media de fuga de talento é do 10% en Galiza,

cando a media europea é do 3%; consecuencia directa dos desequilibrios sociais e económicos existentes no noso país, unha porcentaxe agravada nos anos de Goberno de Feijóo.

Santiago de Compostela ten unha poboación de 97.848 habitantes inscritos/as no padrón, á que lle hai que sumar a emigración a outras comunidades españolas e as 13.180 que residen actualmente no estranxeiro, das que 6.844 son mulleres e 6.336 son homes, segundo o Informe "A emigración en cifras" da Xunta de Galiza. Con data de marzo de 2021 están rexistradas en Santiago de Compostela 6.133 persoas como demandantes de emprego, 3.334 mulleres (54%) e 2.799 homes (46%). A isto hai que engadir persoas desempregadas, especialmente as de longa duración, que xa non están inscritas ao esgotar as prestacións.

Na actualidade, hai 523.672 persoas galegas emigradas no estranxeiro que recolle o rexistro de 2020, das que 268.941 son mulleres e 254.731 son homes. A iso hai que incrementarlle a emigración a outras comunidades española, que é de 335.262, 179.757 mulleres e 155.505 homes.

Un instrumento que pode utilizar o Concello para corrixir esta marcha laboral de mocidade pode ser Uninova (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.), impulsada polo propio Concello e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), que ofrece asesoramento, aceleración e soporte á creación de iniciativas empresariais fortemente innovadoras. Uninova xestiona o Edificio Emprendia, con máis de 3.000 m2 de espazos de incubación para empresas innovadoras e un ecosistema completo de apoio ao emprendemento. En particular, a Sociedade inclúe entre as súas posíbeis actividades a de contribuír e colaborar na reciclaxe, actualización e especialización profesional de persoas posgraduadas, cara asúa integración nunha organización empresarial.

A Xunta de Goberno Local aprobou o 09/02/2021 o expediente de crédito extraordinario co número 2021-CREXT-01 por un monto global de 57.198 euros co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender a adquisición do 31% do capital social da empresa Uninova. No Pleno extraordinario de 12 de febreiro aprobouse este incremento de capital en UNINOVA, para a posta en marcha do Polo de Innovación en Biotecnoloxía da Sionlla. Así, o Concello pasou a ter do 49% ao 80% da sociedade co obxectivo de favorecer a reindustrialización empresarial, a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento nos sectores biotecnolóxico e da madeira no parque empresarial, para facer de Santiago e Galiza un referente no sector.

Tamén está anunciada a creación dunha estrutura comercial que posibilite a atracción de investidores e empresas biotecnolóxicas, que exerza de portelo único para a promoción, prospección e acompañamento de novos proxectos empresarias.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1.O Concello, en colaboración coa USC e Uninova, promoverá a contratación de persoas mozas de Santiago de Compostela no Polo de Innovación en Biotecnoloxía da Sionlla.

2. O Concello convocará o Consello municipal da mocidade para buscar alternativas

que impulsen a creación de emprego e a estabilidade laboral, de cara a frear a emigración xuvenil. Ao abeiro deste foro, trazarase un Plan de Emprego para a mocidade.

3. O Concello de Santiago incluírá na convocatoria de axudas públicas aos sectores da hostalería e comercio a obriga de presentar unha declaración responsable do cumprimento de todas as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo, e igualdade entre mulleres e homes.

4. O Concello facilitará a organización das mobilizacións do Primeiro de Maio que se organicen en Santiago de Compostela.

5. O Concello instará ó Goberno do Estado a solicitar axudas do FEDER destinadas a paliar o problema demográfico de Galicia (e de Santiago en particular) para conseguir investimentos destinados a fixar poboación e evitar a expulsión de profesionais.”

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Que o concello, en colaboración coa USC e Uninova, promova a contratación de persoas mozas de Santiago de Compostela no Polo de Innovación en Biotecnoloxía da Sionlla.

2. Que o concello convoque o Consello municipal da mocidade para buscar alternativas que impulsen a creación de emprego e a estabilidade laboral, de cara a frear a emigración xuvenil. Ao abeiro deste foro, trazarase un Plan de Emprego para a mocidade.

3. Que o concello inclúa na convocatoria de axudas públicas aos sectores da hostalería e comercio a obriga de presentar unha declaración responsable do cumprimento de todas as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo, e igualdade entre mulleres e homes.

4. Que o concello facilite a organización das mobilizacións do Primeiro de Maio que se organicen en Santiago de Compostela.

5. Que o concello inste ao Goberno do Estado a solicitar axudas do FEDER destinadas a paliar o problema demográfico de Galicia (e de Santiago en particular) para conseguir investimentos destinados a fixar poboación e evitar a expulsión de profesionais.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A LOITA CONTRA AS PINTADAS E A REGULACIÓN DA ARTE URBANA.

O texto da proposición presentada con data 20 de abril do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varias décadas, as rúas e edificios das cidades veñen actuando de soporte para unha actividade incívica consistente en pintar, con diferentes motivos e fóra de calquera regulamentación e estética aceptable, paredes, fachadas, mobiliario urbano... tanto en propiedades públicas como privadas. Esta tendencia vandálica -que diverxe do que pode ser unha manifestación artística no espazo público con técnica e localizacións acordadas- foise acrecentando co paso do tempo e para tratar de atallar os seus efectos negativos sobre a calidade ambiental e a estética das cidades, as administracións locais ditaron normas específicas que, con carácter xeral, non conseguiron acabar nin sequera minorar esta perniciosa práctica.

O Concello de Santiago de Compostela non é alleo nin á existencia de pintadas nin ás dificultades para atallar a súa proliferación. Abonda con percorrer case calquera rúa para decatarse desta realidade. Unha realidade que afecta dunha maneira moi especial a unha cidade da importancia histórica e monumental como a nosa que conta desde 1985 coa declaración de Patrimonio Cultural da Humanidade, circunstancia que non impediu que as pintadas se foran estendendo pola zona nova do Ensanche e chegasen mesmo ao corazón na zona histórica, poñendo en perigo elementos e esculturas da propia Catedral.

A pesar da normativa local, autonómica e estatal, das iniciativas complementarias para regular e canalizar esta actividade -como a campaña promovida recentemente por comerciantes do Ensanche nas entradas de garaxes- ou dos labores que se levan a cabo desde os servizos de limpeza -que ás máis das veces conseguen tapar as mensaxes pero non recuperar o alterado decoro das fachadas-, todo o conxunto de medidas adoptadas apenas conseguen que a situación mellore.

Son varios os factores que dificultan os avances na resolución desta proliferación de pintadas, ademais da obvia ausencia de conciencia cívica dos responsables. Por unha parte están as dificultades para fixar a autoría, que permitiría impoñer a correspondente sanción e esixir o resarcimento dos danos ou deslucimentos (o ano pasado unicamente se formularon catro denuncias por este motivo); por outra parte están as dificultades económicas para a limpeza no ámbito privado ao seren as persoas propietarias as obrigadas a “corrixir” unha acción allea.

Para tratar de superar estas dificultades, desde o Grupo Popular consideramos que sería efectivo contemplar a contratación de peritos calígrafos que colaboren coa policía e que permitan achegar probas para identificar a autoría das accións vandálicas (acción que xa se está a tomar noutras administracións), o estudo dos procedementos máis adecuados para a esixencia de responsabilidades e a previsión de incluír no novo servizo de limpeza urbana a posibilidade de realizar estes traballos para os particulares a prezos accesibles, valorando a oferta daquelas empresas licitadoras que contemplan un bo prezo para a limpeza de fachadas ou que ofrezan un número de metros cadrados de limpeza ao seu cargo.

Á parte destas propostas, outro factor que podería favorecer unha resolución destas actitudes vandálicas sería a habilitación de espazos regulados para dar cabida ás manifestacións artísticas na rúa. Unha medida que significaría articular unha oferta coa selección de distintos lugares axeitados para este tipo de accións, sen renunciar a incluír aqueles espazos privados nos que a súa propiedade manifeste a disposición a formar parte desta iniciativa.

Conforme a todo o indicado, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración da Corporación municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a estudar e, se fose o caso, adoptar medidas para loitar contra o impacto ambiental e estético das pintadas en espazos públicos e en inmobles privados, entre elas, as seguintes:

- Contratación de peritos calígrafos para identificar a súa autoría.
- Estudo dos procedementos máis adecuados para a esixencia de responsabilidades.
- Valoración, se procede, no procedemento de licitación do novo servizo de limpeza urbana dos labores de eliminación das pintadas en espazos privados que se oferten, con prezos accesibles ou que inclúan un número de metros cadrados ao seu cargo.
- Habilitación de espazos autorizados e regulados para desenvolver actividades de arte urbana relacionadas coa pintura.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano municipal a estudar e, se fose o caso, adoptar medidas para loitar contra o impacto ambiental e estético das pintadas en espazos públicos e en inmobles privados, entre elas, as seguintes:

Contratación de peritos calígrafos para identificar a súa autoría.

Estudo dos procedementos máis adecuados para a esixencia de responsabilidades.

Valoración, se procede, no procedemento de licitación do novo servizo de limpeza urbana dos labores de eliminación das pintadas en espazos privados que se oferten, con prezos accesibles ou que inclúan un número de metros cadrados ao seu cargo.

Habilitación de espazos autorizados e regulados para desenvolver actividades de arte urbana relacionadas coa pintura.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ACTUACIÓN DE URXENCIA NA ALAMEDA E PARA ELABORAR UN PLAN DIRECTOR PARA O SEU COIDADADO E MANTEMENTO FUTUROS.

O texto da proposición presentada con data 20 de abril de 2021, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Alameda é historicamente o emblema da riqueza ambiental do Concello de Santiago, tanto pola súa antigüidade -que se remonta ao século XVI- como pola súa gran extensión, que se estima nunhas 8,5 hectáreas. A súa situación central no entramado urbano fai que tradicionalmente sexa lugar axeitado para o paseo, o lecer e

mesmo a práctica deportiva, así como lugar para a celebración de distintos actos lúdicos e culturais ao longo do ano.

Ese carácter emblemático e central no devir da cidade contrasta coa situación de precariedade que se percibe no seu coidado e mantemento desde hai anos. Deixando a un lado os coidados relativos aos xardíns e zonas verdes -onde o continuado labor desenvolvido, contribúe a soste, en liñas xerais, a imaxe de calidade ambiental que cabería esperar para o resto do recinto-, as deficiencias son numerosas e notables, empezando pola base, onde as frecuentes irregularidades nas zonas de paseo comprometen o nivel de accesibilidade necesario, algo que se evidencia de forma especial no paseo central, na subida a Santa Susana e nos arredores da cafetería concesionada, todas elas zonas de gran tránsito.

Mentres algunhas actuacións levadas a cabo recentemente incidiron máis no aspecto ornamental e decorativo (reposición de surtidores nas fontes, rehabilitación e colocación de novas esculturas...), continúan sen resolver problemas funcionais e estruturais, con tarefas de mantemento pendentes moi evidentes (das que achegamos algunhas imaxes de mostra): reposición de cerramentos; pintado de ferraxes dos bancos, varandas e farolas; afirmado de reixas de sumidoiros (especialmente no acceso á cafetería); limpeza de canles de drenaxe; adaptación das tomas eléctricas para actividades festivas; maleza no teito do palco da música; árbores caídas; tubaxes de rega á vista; aseos en mal estado (mentres agardan a reforma anunciada e a posta en marcha do aseo accesible situado no abandonado quiosco); ausencia de separación da zona de cans ceibos coa terraza hostaleira ... ou a endémica sensación de abandono do recinto de Santa Susana no que seguen a campar as pintadas na porta principal da igrexa e os estragos no seu arredor, por citar algunhas das eivas apreciables.

Alén dos valores naturais e sociais que atesoura, o recinto da Alameda está catalogado xustamente como Xardín Histórico, polo que segundo a Lei do Patrimonio Histórico español debe contar con figuras de protección específicas. A esa necesidade de reforzar o seu coidado súmase o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, ámbito no que se inclúe este parque, que establece a necesidade da redacción dun Plan Director que actúe como instrumento de control que determine as pautas a seguir para a súa restauración e mantemento futuro. Nese documento deberá establecerse o programa de uso e condicións de adecuación do xardín, dentro das determinacións da normativa urbanística, fixando os criterios de restauración, rehabilitación e valoración.

Para levar a cabo este preceptivo Plan Director incluíuse unha partida de 50.000 euros no orzamento do Consorcio da Cidade de Santiago do ano 2017, coa intención de contratar o apoio de expertos na xestión de augas de escorrentía, implantación de especies de interese ecolóxico, avaliación de impactos por usos alleo e técnicas de restauración de xardíns histórico, aínda que o documento sería redactado polos arquitectos do Consorcio en colaboración cos técnicos municipais. Na propia memoria daquel orzamento sinalábase que o Concello debería elaborar a planimetría do conxunto, incluídas as súas infraestruturas, o informe histórico e arqueolóxico, o estudo da xestión dos residuos xerados e os usos permitidos nesa ámbito. Pasados case catro anos daquela previsión, do Plan Director nada se sabe.

A falta dese documento básico para ordenar os usos e a mellora do parque e a necesidade de non demorar unhas actuacións que consideramos urxentes, lévanos a

propoñer ao conxunto da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local e coa maior celeridade, se programen e acometan as melloras no mantemento e accesibilidade necesarias no recinto da Alameda e que se redacte e aprobe un Plan Director específico para ordenar os seus usos e garantir unha correcta restauración e mantemento de cara ao futuro.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que por parte do correspondente órgano do goberno local e coa maior celeridade, se programen e acometan as melloras no mantemento e accesibilidade necesarias no recinto da Alameda e que se redacte e aprobe un Plan Director específico para ordenar os seus usos e garantir unha correcta restauración e mantemento de cara ao futuro.

Faise un receso de doce minutos (de 12:33 a 12:45 horas).

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO ANO 2020.

Dáse conta da resolución da concelleira delegada de facenda, persoal, contratación e modernización da administración local de data 31 de marzo do corrente ano, pola que se aproba a liquidación do orzamento de 2020 do concello e do organismo autónomo Auditorio de Galicia (núm. 2021/2686).

14. DAR CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL EN RELACIÓN AOS RESULTADOS OBTIDOS NO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA. EXERCICIO ECONÓMICO DE 2020. PAGAMENTOS REALIZADOS NOS ANOS 2015 A 2018 MEDIANTE DÉBITO DIRECTO EN CONTAS BANCARIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SEN XUSTIFICACIÓN.

Dáse conta do informe de intervención de data 5 de abril do corrente ano (Ref.: 176/2021), en relación aos resultados obtidos no control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa. Exercicio económico 2020. Pagamentos realizados nos anos 2015 a 2018 mediante débito directo en contas bancarias de titularidade municipal sen xustificación.

15. DAR CONTA DE INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE RESOLUCIÓN ADOPTADAS CONTRARIAS AOS REPAROS, RESUME DAS ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS E EXPEDIENTES DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA.

Dáse conta do informe de intervención de data 20 de abril do corrente ano (Ref.: 233/2021), de resolucións adoptadas contrarias aos reparos, así como, resume das anomalías detectadas en materia de ingresos e expedientes de omisión da función interventora.

16. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Á AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dáse conta do informe de intervención de data 22 de abril do corrente ano (Ref.: 235/2021), relativo a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2020.

17. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas ditadas no período comprendido entre o día 12 de marzo ata o 15 de abril de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión ordinaria 18/01/21.
Sesión extraordinaria urxente 21/01/21.
Sesión ordinaria 25/01/21.
Sesión extraordinaria urxente 29/01/21.
Sesión ordinaria 01/02/21.
Sesión extraordinaria urxente 03/02/21.
Sesión extraordinaria urxente 04/02/21.
Sesión ordinaria 08/02/21.
Sesión extraordinaria urxente 09/02/21.
Sesión extraordinaria urxente 11/02/21.
Sesión extraordinaria urxente 12/02/21.
Sesión ordinaria 15/02/21.
Sesión ordinaria 22/02/21.
Sesión extraordinaria e urxente 24/02/21.
Sesión ordinaria 01/03/21.
Sesión extraordinaria e urxente 01/03/21.
Sesión ordinaria 08/03/21.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a pasarela que conecte a Praza do Matadoiro e o Parque de Belvís.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a paralización da decisión de construción do IMELGA nas Fontiñas.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar a regulación do tráfico no colexio San Jorge.
- 2.- Presentado polo grupo municipal do BNG para instalar un espello que facilite o tránsito no cruce entre as rúas da Raxeira e Outeiro de Sar.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para mellorar o servizo de transporte na Almaciga.
- 4.- Presentado polo grupo municipal de CA para que se contraten grupos musicais e artistas locais nas festas de Santiago.
- 5.- Presentado polo grupo municipal de CA para mantemento de atención presencial nos aparcadoiros públicos.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do PP para o cumprimento do período medio de pagamento e actualización dos seus índices.

- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP para a ordenación, indexación e albergue propio das videoactas plenarias.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP para a supervisión e actuacións de mellora nas escaleiras públicas.
- 9.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre a mellora da seguridade viaria e a convivencia no barrio de Sar.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a reurbanización da Calzada de Sar.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a designación da estación intermodal co nome de "Daniel Castelao".
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a casa das mulleres Xohana Torres.
- 4.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o programa de conciliación verán 2021.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a xestión das axudas sociais.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as axudas para a mellora paisaxística.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a situación do servizo municipal de extinción de incendios.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre os accesos a estación intermodal.
- 9.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a casa da xuventude.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre obras na Avda. de Salamanca.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os traballadores de TUSSA.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre espazos de estudo.

Unha vez se remata o debate sobre as interpelacións interrómpeuse a sesión cando son as 14:15 horas e volve a retomarse ás 16:00 horas, asistindo todos/as concelleiros e concelleiras asistentes.

Non se reincorpora á sesión o señor interventor.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas polo grupo municipal do BNG relativas ao aeroporto Santiago-Rosalía de Castro e a do futuro do sector financeiro de Galicia, foron substituídas por mocións conxuntas de todos os grupos políticos municipais.

A continuación transcríbense os textos das mocións tratadas na presente sesión, que teñen o seguinte contido:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A RECUPERACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE CONXO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Saúde de Conxo vén sendo noticia desde hai anos polo incumprimento da Xunta de Galicia do seu compromiso de construír un novo edificio que substitúa ás actuais instalacións, inauguradas en 1993 e que nestes case 30 anos nin sequera foron sometidas ás necesarias actuacións de renovación.

Pero máis alá dese incumprimento en relación ao edificio, a veciñanza de Conxo ve agora coa máxima preocupación o desleixo da Xunta de Galicia, tamén en relación á atención que se presta no seu Centro de Saúde, particularmente en relación ao servizo de Pediatría.

Tal e como denunciou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, desde o pasado 26 de marzo, o Centro de Saúde de Conxo carece de pediatra para a atención da poboación infantil de 0 a 14 anos. Deuse así o paso definitivo para o desmantelamento do servizo, despois de que xa en xaneiro o SERGAS decidira reducir a atención pediátrica presencial no ambulatorio de Conxo a só dous días á semana, os martes e os xoves. Unhas decisións dificilmente xustificables, tendo en conta que o barrio de Conxo vén medrando notablemente en poboación nos últimos anos e, xa que logo, conta cun elevado número de nenos e nenas que teñen dereito e precisan recibir atención no seu centro de saúde de referencia.

Non é esta a primeira vez que a veciñanza de Conxo sofre as consecuencias da mala planificación e dos recortes do SERGAS. Xa no ano 2018 chegaron a producirse demoras de máis dun mes na atención aos nenos e nenas, porque non se cubriu a ausencia da pediatra do centro de saúde. Unha demora na atención sanitaria que é preocupante en todos os casos, e máis cando falamos de bebés e nenos e nenas que teñen que ser sometidos a revisións de idade ou mesmo seren vacinados nos prazos establecidos.

Lamentablemente, o caso de Conxo non é tampouco unha excepción. En Galicia hai 184 concellos que non teñen pediatra asignado nos seus centros de saúde, e as queixas porque non se cubren as ausencias destes facultativos ou das matronas repítense por toda a comunidade autónoma, tamén na nosa comarca como tén acontecido recentemente en concellos como o de Vedra, Ames ou Teo. Segundo a Sociedade Galega de Pediatría, o déficit de pediatras en Galicia é dun 12 por cento, consecuencia da mala planificación dos recursos, do uso inapropiado das áreas sanitarias e da contratación precaria.

Doutra banda, a veciñanza de Conxo leva anos agardando por un novo centro de saúde, que atenda o crecemento poboacional que vén experimentando esta zona da cidade. O convenio para a construción deste equipamento foi asinado pola Xunta e o Concello en 2008, e máis dunha década despois os orzamentos autonómicos para este ano seguen sen recoller unha partida específica para esta actuación, e só falan de posibles melloras no Centro de Saúde de Conxo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a recuperar o

servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Conxo, garantindo a atención presencial diaria e a cobertura da praza no caso da ausencia da súa persoa titular.

2. Instar á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso para a construción do novo Centro de Saúde de Conxo, incorporando nos orzamentos de 2022 unha partida específica dun mínimo de dous millóns de euros.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA CONSENSUAR CO COLECTIVO DE ARTESÁNS E ARTISTAS DE RÚA UNHA REGULACIÓN NON EXCLUÍNTE COA ARTESANÍA E AS ARTES DE RÚA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A artesanía e as manifestacións das artes de rúa forman parte do patrimonio cultural e inmaterial de Santiago, son elementos que tradicionalmente dan vida, enriquecen e humanizan a nosa cidade histórica. Malia que esta riqueza é amplamente recoñecida, o colectivo de artesáns e artistas de rúa de Compostela atópase seriamente ameazado por causa das accións do actual Goberno municipal.

A súa situación non é un debate novo no Pleno, senón que xa foi abordada con anterioridade e a Corporación adoptou varios acordos ao respecto. Na sesión do 27 de febreiro de 2020, aprobouse unha moción conxunta, a partir dun texto presentado por Compostela Aberta, que instaba á protección das actividades e emprazamentos das artes na rúa, tal e como se recolle na acta dese Pleno:

A continuación ten lugar o debate e posterior votación dunha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais que substitúe a presentada por CA, co número de rexistro 92, para planificar estratexicamente as artes da rúa no Xacobeo 2021, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, organizar coas distintas áreas competentes do goberno do Concello de Santiago a planificación estratéxica das actividades culturais de rúa para preparar e despreparar o seu correcto desenvolvemento nas prazas, parques e rúas da cidade durante a celebración do Ano Santo 2021, todo elo de forma coordinada co colectivo de artistas de rúa.

Malia ese compromiso, asumido polo Goberno, o 22 de setembro de 2020, o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade asinou un decreto, con referencia de documento CIR14I2Z1 que resolve:

SUSPENDER a concesión de autorizacións de ocupacións trimestrais da vía pública, en aplicación da normativa que regula as actividades artísticas que se desenvolven nese espazo, promovidas por particulares, dende o primeiro trimestre do ano 2021, durante o tempo preciso para realizar o estudo e, no seu caso, a modificación destas normas.

A aplicación do decreto supuxo, na práctica, o incumprimento dun acordo unánime da Corporación municipal, posto que os permisos para desenvolver actividades de artes na rúa estarían suspendidos cando menos durante parte do presente ano.

Posteriormente, e diante da situación creada pola acción do Goberno municipal, o Pleno da Corporación Municipal aprobou un novo acordo, o 29 de outubro de 2020, con dous puntos:

1. Que o Goberno presente para a súa aprobación en Pleno unha nova normativa de artes de rúa consensuada co colectivo de artistas de rúa antes do remate deste ano 2020.
2. Que en ningún caso haxa discontinuidade no outorgamento trimestral dos permisos para desenvolver as actividades de artes de rúa, tal e como anuncia a resolución do decreto asinado o 22 de setembro do ano 2020 polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade.

O grupo municipal do PSOE abstívose na votación, e por iso debeu sentirse lexitimado para non cumprir un acordo plenario e, o que é aínda máis grave, para operar no sentido contrario dese acordo. Sen diálogo e, tendo como interese sustraer espazos públicos tradicionalmente empregados polos artistas, o Goberno municipal publicou un decreto asinado este pasado 16 de marzo que facía efectivas unhas novas normas reguladoras para a realización de actividades artísticas na vía pública.

Ese decreto non só incumpre o acordo plenario, senón que mesmo supón o incumprimento do programa electoral do partido que sustenta o Goberno, o PSOE, que prometía o seguinte:

13. Lanzaremos un programa de emprendedores, talleres e artesáns no termo municipal, impulsando a súa posta en valor e apoio, poñendo en valor a súa relación coa produción e mantemento dos valores patrimoniais da paisaxe urbana histórica de Santiago.

15. En colaboración co Centro Galego para a Artesanía e o Deseño, poremos en valor a oferta de produtos de artesanía da comarca de Santiago, que serven de mostra da evolución creativa na nosa contorna máis próxima.

Amparándose no contexto pandémico, esta forma de desgobernanza está a converterse nun patrón que se repite durante todo o actual mandato municipal. Neste caso tradúcese nun proceso non dialogado que derivou nun enorme descontento entre as e os case 40 artesáns que traballaban nas rúas da cidade histórica. Case seis meses despois do último dos acordos plenarios, non foi ata hai escasos días cando, por fin, o concelleiro-delegado Gonzalo Muíños tivo a ben recibir a este colectivo, nunha reunión na que tamén participou a concelleira de Cultura e Urbanismo Mercedes Rosón. Deste xeito, os representantes do colectivo dos artesáns puideron trasladar as súas demandas só a posteriori da publicación do decreto que os deixou fóra do espazo público amparándose na UNESCO.

Sen escoitar nin aos colectivos nin ao Pleno da Corporación, o concelleiro Gonzalo Muíños operou unilateralmente desbotando o traballo dos artesáns que desenvolven as súas actividades nas rúas da zona vella, e amparou a súa definición como “actividades sen interese cultural” que, segundo o texto do antedito decreto, «contribúen á degradación ou banalización da cidade histórica». Unha exclusión inxusta, non concordante coa opinión maioritaria do Pleno da Corporación, nunha normativa aprobada unilateralmente que non valora novos modos de ordenamento das

artes de rúa, que é restrictiva coas antigas e coas novas posibilidades, e que desposúe ao colectivo de artesáns dos lugares tradicionais onde se localizaban sen buscar melloras para o desenvolvemento das artes de rúa.

Podería establecerse un longo debate sobre o que, na actualidade, e mentando á UNESCO, degrada ou non degrada a imaxe e a convivencia das rúas na cidade histórica de Compostela. Santiago é unha cidade con visións diversas sobre o espazo público, mais a opinión máis extendida coincide na necesidade de dotar de vida a unha patrimonio monumental ben conservado, e a artesanía e as artes de rúa son imprescindibles para conseguilo. Neste contexto de opinións diversas, o Goberno debe aprender a ter en conta a todos os colectivos e as súas reivindicacións lexítimas, procurando a corresponsabilidade na xestión da cidade, e neste caso aínda de maior interese ao tratarse dun colectivo composto por xente moi moza.

Por todo o anterior, e porque aínda estamos a tempo de elaborar unha normativa consensuada, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar o Goberno municipal a:

1. Retirar as normas reguladoras da realización de actividades artísticas na vía pública recentemente recollidas nun decreto asinado polo concelleiro Gonzalo Muíños o 16 de marzo de 2021.
2. Elaborar unha nova normativa consensuada co colectivo de artistas de rúa de Compostela e que recolla o acordo do plenario do 29 de outubro de 2020.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO CUMpra O ACORDO ADOPTADO EN XUNTA DE PORTAVOCES DO DÍA 23 DE MARZO SOBRE OS 3,5 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS DIRECTAS AO COMERCIO E HOSTALERÍA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 12 de marzo, o alcalde, Xosé Sánchez Bugallo, anunciou que o Concello de Santiago podería ter 5 millóns de euros dispoñibles para novos investimentos e novo gasto corrente procedentes da liquidación e remanentes das partidas non executadas no ano 2020.

Ao manter o Goberno do Estado a posibilidade de destinar estes remanentes de tesouraría a gasto corrente, o día 15 de marzo, o alcalde propúxolles aos grupos da Corporación municipal destinar 2 millóns de euros a axudas directas para o comercio e a hostalería, dous dos sectores máis damnificados pola crise da Covid-19, e 3 millóns para novas obras. Non foi ata o 23 de marzo que o alcalde volveu convocar a xunta de portavoces na que se acordou unha proposta dos grupos da oposición para un reparto de remanentes con destino de 3,5 millóns de euros para axudas directas ao comercio

e hostalería.

Aínda sendo unha iniciativa da oposición, o alcalde fixo público e presumiu do acordo na comunicación pública municipal, creando unha enorme expectativa en dous dos sectores máis golpeados pola crise da Covid-19.

Con data do 30 de marzo, a intervención municipal asina o informe da liquidación do orzamento de 2020 no que consta, finalmente, unha cifra inferior á anunciada polo alcalde días antes. Aínda así, o Goberno municipal demora unha semana máis, e non é ata o 7 de abril que volve a convocar unha xunta de portavoces para informar de que finalmente os remanentes dispoñibles de 2020 non serán os 5 millóns anunciados, senón 2,5 millóns de euros. A esta cifra engadiríanselle outros 6,5 millóns de euros, que se corresponden cos investimentos que o Goberno xa incluíra nos remanentes de 2019 pero que non conseguiu iniciar a súa licitación a tempo.

Ese mesmo día, 7 de abril, o grupo municipal de Compostela Aberta comunicou publicamente o apoio ao goberno local para procurar as fórmulas necesarias para cumprir o compromiso adquirido cos grupos da oposición e cos sectores da hostalería e do comercio para destinar outros 3,5 millóns de euros a axudas directas. Para iso, solicitamos utilizar toda a cantidade dispoñible dos remanentes, pero tamén habilitar un modificativo dos vixentes orzamentos que complete a cantidade, ata cumprir co compromiso acordado.

Finalmente o goberno municipal, non conseguirá tramitar e levar o expediente a Pleno ata o propio 29 de abril, máis dun mes e medio despois do alcalde ter feito o inicial anuncio sobre os remanentes. Na proposta do goberno recollíanse axudas directas por valor de 2 millóns de euros imputables à liquidación do orzamento 2020, polo tanto 1,5 millóns menos do comprometido unanimemente entre os grupos municipais, de acordo coas necesidades do sector.

Cómpre lembrar que diante da crise da Covid-19, sectores como o comercio e a hostalería que teñen a súa base no consumo directo, teñen sido dos máis afectados polas medidas tomadas empregan a millares de persoas, sendo por iso que todos os grupos municipais consideraron que era necesario destinar o máximo orzamento posible a axudas directas.

Por todo o anterior, e porque o comercio e a hostalería de Santiago non poden sair aínda máis damnificados nesta crise, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Co fin de cumprir co acordo de xunta de portavoces do 23 de marzo de 2021, instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Iniciar o procedemento para aprobar un modificativo de crédito, do orzamento de 2021, para incorporar 1,5 millóns para unha nova partida de axudas directas para o comercio e hostalería.
2. Acordar cos grupos e co tecido asociativo do comercio e a hostalería de Santiago, as bases para estas nova axudas directas.

MOCIÓN PARA A DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS NO LUGAR DA CURUXEIRA, EN CONXO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a dotar de servizos básicos o lugar da Curuxeira, en Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes veciñais do lugar da Curuxeira trasladáronlle ao BNG unha batería de necesidades e carencias de servizos básicos que afectan á calidade de vida deste barrio da parroquia de Conxo.

En concreto, algunhas delas derivan nun problema ambiental de magnitude, ao soportar verteduras de augas residuais procedentes do concello de Teo e que precisan dunha intervención inmediata. Este feito está a provocar que os seus terreos se vexan afectados por depósitos líquidos e malos olores, unha situación que pode causar contaminación no solo e no aire. Pódese estudar a posibilidade de asinar un convenio co Concello de Teo para a conexión á rede de saneamento e rendibilizar recursos.

Durante a visita efectuada pola portavoz municipal, Goretti Sanmartín, e o responsábel local do BNG, Xesús Domínguez, advertiron tamén dun vertedoiro incontrolado entre a Curuxeira e O Casal, no alto da autovía, que está a causar gran preocupación na veciñanza.

Outra das eivas que teñen está vinculada ao mantemento da rede viaria, tanto das pistas da concentración parcelaria como da Costa do Rial, actualmente cortada; na rúa do Picón, que precisa saneamento, limpeza de cunetas e asfaltado; pavimentación da pista que vai dos Muíños vellos ao Rial; en Torrente, que precisa unha ampliación para atender o caudal de tráfico que soporta; e no propio núcleo de poboación, onde son necesarias obras de pavimentación e de reurbanización para facilitar o tránsito tanto de persoas que van a pé como de vehículos, co fin de mellorar a seguranza viaria e de eliminar as fochancas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago procederá a dotar de saneamento o lugar da Curuxeira e a solucionar o problema ambiental xerado polo depósito de augas residuais nesta parroquia de Conxo.
2. O Concello de Santiago procederá a investigar e clausurar o vertedoiro situado no alto da autovía entre a Curuxeira e O Casal.
3. O Concello de Santiago procederá a realizar as obras de pavimentación, mantemento e limpeza da rede viaria da Curuxeira, na parroquia de Conxo.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA MANTER A CATEGORÍA DO AEROPORTO SANTIAGO – ROSALÍA DE CASTRO COAS MEDIDAS DE SEGURANZA AERONÁUTICA QUE LLE CORRESPONDEN DURANTE AS 24 HORAS DIARIAS

O Aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro catalógase como estratéxico, é H24, fundamental para a seguridade das aeronaves que sobrevoan o Eixo Atlántico, tanto civís como militares. Ten asignada unha categoría OACISSEI 7 e isto supón que pode cubrir case todo o tráfico, pois trátase dun aeroporto en que operan aeronaves de grande envergadura e lonxitude. Coa categoría 7 o aeroporto funciona con normalidade mais baixando a categoría só se atenden aeronaves de dimensións máis reducidas, é dicir, se se baixase de categoría perderíase calidade no servizo prestado polo aeroporto.

Desde finais do pasado decembro AENA no Aeroporto de Santiago – Rosalía de Castro iniciou unha redución do persoal que traballa por quendas e que afecta ás seguintes áreas:

- CPO/TPO (coordinador/a e técnico/a de programación e operacións).
- TOAM/TSAAM (sinalador/a e condutor/a de finger).
- CMA/TMA (coordinador/a e técnico/a de mantemento da Central Eléctrica).
- AAPUC/TAPUC (axente de terminal para atención de pasaxeiros/técnica de información).

Esta redución de persoal implicará necesariamente unha modificación no Plan de autoprotección e emerxencia do aeroporto SCQ que significan perda de seguridade e calidade no servizo prestado. Así, por exemplo, non é irrelevante que só se asigne un/ha traballador/ha coa categoría de CPO ou TPO no Centro de Coordinación Aeronáutico, en lugar de preverse a presenza de dúas persoas para ese posto de forma que se poida asumir o mando, segundo o previsto no plan de emerxencia, ante un accidente ou incidente aéreo.

Así mesmo, supón unha baixada de categoría OACI-SSEI de 7 a 5, o que diminuír tamén claramente as posibilidades de aterraxe dunha aeronave pois a envergadura e lonxitude dunha de Categoría 5 é moi inferior a unha de categoría 7. Por exemplo, no caso de que un eventual voo desviado ao aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela requirise un nivel de protección superior á Categoría 5 o comandante da aeronave debería optar por desviarse a outro aeroporto, pois coñecería que o nivel de protección que ofrece o aeroporto de Santiago non é suficiente. Debería por tanto optar polo aeroporto de Vigo ou A Coruña, mais estes aínda tendo protección 7 non son 24h, polo que tería que desviarse até o de Porto (que é 24h e de categoría 8) ou o de Madrid (24h e de categoría 10).

En definitiva, estes recortes significarían unha posible perda de categoría a nivelestatal e internacional do Aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, o aeroporto máis estratéxico e referente de Galicia.

O Departamento de Recursos Humanos de AENA no Aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela ten recursos suficientes e pode en todo momento cubrir as diminucións de persoal ocasionadas por permisos, baixas por IT, horas sindicais, vacacións... sen que poida xustificalo con alegacións de que sexa e inviábel cubrir a falta de traballadores/as nesas circunstancias, simplemente aplicando os artigos 37 e 70 do I Convenio Colectivo do Grupo AENA.

Mais a pesar de ter a capacidade de garantir que se cubran as baixas, AENA optou por manter nas quendas só unha persoa. Isto supón que se deixe o servizo desatendido no momento en que este traballador ou traballadora deba ausentarse do

seu posto. Como é lóxico o Comité de Centro xa manifestou por escrito o seu desacordo con esa redución de persoal mediante unha queixa formal á dirección de AENA en Santiago de Compostela, pois se se está pondo en xogo a seguridade aeronáutica.

No referente ao tema da cafetaría, o persoal do aeroporto nunca entendeu como xa no mes de xaneiro co peche perimetral e a hostalaría pechada, as cafeterías da estación tren (en determinado horario) e as dos hospitais daban servizo a persoas usuarias mentres que a do aeroporto de Santiago permanecía pechada (cando o decreto do DOG permitía abrir as cafeterías que daban un servizo público).

Transcorrido máis dun mes coa hostalaría aberta, a cafetaría do Aeroporto de Santiago, un aeroporto internacional e 24h, segue pechada. Hai que matizar que as cafeterías dos aeroportos que están abertas sempre son as do lado aire (embarque) xa que debido as restricións da pandemia nos aeroportos está vixente a norma que prohibe a entrada á terminal do aeroporto de toda persoa que non vaia viaxar. Só pasaxeiros/as e acompañantes de pasaxeiros que necesiten asistencia poden entrar.

Pola contra, nos aeroportos de Vigo e da Coruña as cafeterías de embarque están abertas dando servizo a pasaxeiros/as mentres que en Santiago segue pechada e sen intención de abrir neste período. Ademais, tampouco é entendíbel que en Semana Santa, onde houbo un incremento de voos, a cafetería seguise pechada neste aeroporto internacional.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1.- A Corporación municipal de Santiago acorda trasladar a AENA e aos órganos de Goberno correspondentes a necesidade de que o aeroporto de Santiago – Rosalía de Castro, manteña os máximos estándares de seguranza aeronáutica e manteña os postos de traballo e a calidade dos servizos que debe prestar.

2.- A Corporación municipal de Santiago acorda trasladar a AENA e aos órganos de Goberno correspondentes a petición de reabrir o servizo de cafetaría, de acordo coas posibilidades que ofrecen os decretos sanitarios sobre a pandemia da covid-19.

MOCIÓN PARA ATENDER AS DEMANDAS DE MELLORAS NO LUGAR DA CURUXEIRA, DA PARROQUIA DE CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Curuxeira, lugar da parroquia de Conxo que limita o termo municipal co concello de Teo, síntese abandonada pola inacción do Goberno Municipal desde hai anos e reclama unha maior atención para as súas necesidades, entre as que destacan as relativas a mellora de saneamento, accesos e a roza de maleza. Así o teñen manifestado representantes veciñais mediante escrito e reiterado nunha recente visita realizada por este Grupo ao lugar, da que se achegan varias imaxes ilustrativas.

En materia de accesibilidade, as peticións van dirixidas a completar o asfaltado da rúa

do Picón nun tramo duns 200 metros, a reparación de varias fochancas, o afirmado e nivelación de varias pistas parcelarias e a mellora da conexión coa rúa Torrente en Conxo. Tamén requiren a inclusión do lugar na planificación de rozas que periodicamente se vén realizando desde o Concello e un maior control dos vehículos de gran tonelaxe que transitan polas vías na realización de traballos forestais, control orientado a paliar o deterioro que causan nos firmes.

En materia de saneamento, a representación veciñal destaca a ausencia deste servizo básico. Para tratar de solucionar parcialmente esta eiva, poderíase estudar a posibilidade de avanzar na súa consecución a través dun convenio co Concello de Teo -que proporciona xa o abastecemento a vivendas pertencentes ao termo compostelá- que sería de interese para ambas administracións, posto que a procura dun servizo común para mellorar a depuración permitiría tratar os vertidos dos núcleos máis próximos de ambos concellos e resolver o problema ambiental que se está a xerar pola existencia dun pozo séptico que concentra os vertidos das veciñas vivendas de Teo, que con relativa frecuencia ve excedida a súa capacidade ocasionando un punto de vertido no límite municipal.

Por último, a veciñanza mostrou o seu interese en que se poidan revisar tamén os criterios que levaron a fixar o nome oficial do lugar, acreditando o uso maioritario entre os residentes da forma *Cruxeira*, que aquí foi desbotada mentres se admitiu e se mantivo noutros lugares de Galicia. Con este fin, o Concello podería dirixirse á Xunta de Galicia para que a través do seu órgano asesor nesta materia (a Comisión de Toponimia) se reconsidera esta cuestión tendo en conta as testemuñas e os usos lingüísticos constatados.

En relación co sinalado, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local, se teñan en conta as demandas da veciñanza do lugar da Curuxeira na parroquia de Conxo relativas a melloras na accesibilidade, saneamento, roza de maleza e revisión toponímica, adoptando as medidas necesarias e a inclusión progresiva nas previsións orzamentarias e de planificación que sexan procedentes.

MOCIÓN PARA AMPLIAR O CONSERVATORIO COA DOTACIÓN DE PERSOAL NECESARIO PARA ATENDER A DEMANDA EXISTENTE E IMPARTIR NOVAS ESPECIALIDADES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a ampliar o espazo do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, coa dotación de persoal necesario para atender a demanda existente e impartir novas especialidades, entre elas as de música tradicional galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade. Cando se inaugurou en 2004 o Conservatorio Profesional

de Música, que dispuxo dun investimento de 2,3 millóns de euros, creáronse unhas instalacións para atender 250 alumnos e alumnas. Xa desde os primeiros anos da súa entrada en funcionamento, duplicou os seus servizos pese á limitación de espazo que padece e, mesmo así, cada curso deixa sen poder atender solicitudes de inscrición pola carencia de aulas necesarias.

En abril de 2011, hai xusto unha década, o Pleno do Concello acordou instar a Xunta de Galiza para dotar o Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con normalidade o seu labor docente. Nesa moción do BNG, aprobada por unanimidade, reclamábase que a Xunta comezase os trámites para ampliar o edificio actual e, ademais, dotar o centro, con carácter de urxencia, do persoal subaltarno e administrativo necesario.

Xa daquela, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela tiña unha serie de deficiencias que impedían dar resposta a todas as demandas e necesidades educativas da poboación neste ámbito formativo. A matrícula do centro ascendía a 503 alumnos e alumnas en 2011, moi por riba das súas capacidades e sen poder aceptar a maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son graves: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o grao profesional por parte do alumnado procedente doutros conservatorios.

Tamén en 2011, o BNG trasladara unha Proposición Non de Lei e unha pregunta oral en Comisión ao Parlamento, por voz das deputadas Ana Pontón e Carme Adán, para instar a Xunta a ampliar este centro no terreo anexo que o Concello de Santiago cedeu á Administración galega para poder desenvolver con normalidade o seu labor docente.

O BNG rexistrou emendas aos Orzamentos da Xunta, ano tras ano, para incluír esa ampliación do Conservatorio Profesional de Música. E ano tras ano foron rexeitadas polo PP e seguiron a quedar alumnos e alumnas sen praza neste centro por falta de capacidade e sen poder cursar estes estudos.

De feito, unha década despois este problema persiste: neste curso 2020-2021 imparten aulas para 522 alumnos e alumnas (188 de grao elemental e 334 profesional), aos que habería que engadir 64 máis que quedaron sen praza ante a carencia de espazo nesta infraestrutura e ficaron en listaxe de agarda sen poder iniciar esta formación musical.

Ademais, coa ampliación das instalacións, poderíanse incrementar especialidades de música tradicional, como gaita, e incluír tamén na programación acordeón e percusión tradicional, nas que se ten detectada demanda e, na actualidade, non se poden ofrecer por falta de capacidade e de profesorado especializado.

De feito, nos propios decretos da Xunta para a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (decreto 198/2007) e no que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (decreto 203/2007), no artigo 4, de aplicación en todos os conservatorios, sinalan que deben impartir todas as especialidades que se relacionan, incluíndo acordeón, gaita e, de grande interese para o ámbito local, órgano. Por iso, xa que o profesorado actual non pode abordar o ensino destas especialidades, é tan necesario que se amplíe o CMUS.

Nestes tempos de adecuación das instalacións e horarios ás medidas de prevención

da pandemia da covid-19, a situación agravouse. Por iso coa ampliación, cómpre realizar un auditorio e espazos para coro e orquestra de maiores dimensións e coa ventilación necesaria, máis cabinas de estudo e unha biblioteca, xa que esta última está a ser usada para impartir docencia.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación insta a Xunta a realizar os trámites para a ampliación das infraestruturas e dos recursos humanos necesarios no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, co obxecto de atender a demanda de prazas existente e para incrementar a oferta de especialidades, incluíndo as de música tradicional e órgano.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE O FUTURO DO SECTOR FINANCEIRO EN GALIZA

O proceso de concentración e centralización bancaria, que levou á perda progresiva de entidades como Caixa Galicia, Banco Pastor ou Banco Gallego tivo efectos moi negativos para Galicia en forma de destrución de emprego, exclusión de amplos sectores da poboación do acceso a servizos financeiros básicos e acentuación das dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da nosa economía.

Segundo datos do propio Banco de España, Galicia está na cola do Estado español na ratio entre os aforros depositados nos bancos e o crédito concedido. É dicir, unha parte importante do aforro dos galegos e galegas, en vez de ser reinvestido no noso país, drénase fóra para contribuír ao financiamento da economía doutros territorios.

Esta situación, lonxe de corrixirse, vese agravada con novos procesos en curso, como o ERE no Banco Santander, que xa está provocando destrución de emprego, redución do número de oficinas -polas duplicidades- e marxinación, sobre todo do rural, e dificultades de acceso ao crédito para as pequenas e medianas empresas.

No ano 2017, cando o Banco Santander comprou por 1 euro os bancos Popular e Pastor, había en Galiza 415 oficinas: 207 do Pastor; 171 do Banco Santander e 37 do Banco Popular. Cos procesos de fusión, en novembro de 2020 só quedaban 234 oficinas: 102 na Coruña; 30 en Lugo; 27 en Ourense e 75 en Pontevedra.

No que atinxe ao emprego, o cadro de persoal do Grupo Santander en Galiza era de 2.110 traballadores en 2018, ficando reducido na actualidade a 1.776 persoas. Esta situación vaise agravar coa redución de persoal acordada no Expediente de Regulación de Emprego asinado en decembro de 2020. En Galicia este ERE suporá a perda de 370 empregos e o previsible peche de 79 oficinas máis.

De feito, en Santiago de Compostela, pecharon tres oficinas do Banco Santander e está previsto pechar unha máis co novo ERE que vai afectar entre 6 e 10 traballadores/as. Segundo as previsións, estímase que vai pechar a de San Pedro de Mezonzo e abrir a de República do Salvador, que está en obras na actualidade.

A iso súmase o peche de oficinas de Abanca, onde pecharon dúas recentemente – a

da Pastoriza e do Hórreo- e barállase que pechen outras dúas máis nun ERE para finais de ano, onde manteñen os novos contratos para xustificar o despedimento dos máis antigos. Lamentablemente, a fusión Caixabank – Bankia pode ter un efecto similar nas oficinas e no emprego na cidade e en Galicia.

O impacto social e económico deste proceso de concentración e centralización é múltiplo:

- Destrución de postos de traballo e precarización do emprego. Menos oficinas e menos persoal trae consigo unha maior carga de traballo para as empregadas e empregados, incerteza na mobilidade xeográfica e tamén unha maior presión sobre as traballadoras e os traballadores.

- Exclusión ou maior dificultade de acceso de sectores da cidadanía a servizos financeiros básicos, derivadas do peche de oficinas (cun impacto singular en concellos rurais), a migración aos servizos dixitais (agravando as consecuencias da fenda dixital, cun impacto singular nas persoas maiores) e o empeoramento da calidade do servizo (longas colas para entrar nas oficinas e innumerábeis dificultades para poder solucionar presencialmente as xestións).

- Un modelo de negocio afastado das necesidades da maioría social e das necesidades de financiamento da nosa economía produtiva. Orientado a dar servizo ás grandes empresas e corporacións antes que a PEMES, autónomos e particulares e a privilexiar a colocación de produtos cada vez máis complexos e de maior risco aos servizos vencellados á xestión dos depósitos de pequenas e pequenos aforradores.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Expresar o apoio da Corporación municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego.

- 2.- instar ás Administracións Públicas a desenvolver, no seu respectivo ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galicia.

- 3.- Instar ás Administracións Públicas a impulsar, no exercicio das súas competencias, unha regulación do sector bancario que evite os perigos da concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos.

- 4.- Trasladar este acordo ás direccións das principais Entidades financeiras que operan en Galicia para que reconsideren as súas decisións contrarias a este acordo e manteñan o servizo á súa clientela.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO APOIE A MÚSICA AO VIVO E A CULTURA SEGURA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 20 de abril a Federación da Música do Estado Español (Es_Música) manifestou, nun comunicado, a súa total oposición ao plan para a prohibición de eventos culturais que, segundo a comunicación social, estaría a preparar de xeito inminente o Ministerio de Sanidade. A entidade transmitiu tamén o seu malestar ante a inacción do Ministerio de Cultura sobre estas posibles medidas.

Durante o máis dun ano que levamos xa de pandemia, o sector da música e da cultura foi un exemplo absoluto de seguridade e responsabilidade en todas as fases e ondas da covid, asegurando que non se produciran surtos e contaxios e sendo recoñecido este traballo polas diferentes autoridades sanitarias.

A intención do Goberno español implica unha xeneralización indiscriminada que ignora os protocolos e probas piloto proporcionadas polo sector para garantir o mellor equilibrio entre a saúde e a actividade cultural. Unha xeneralización que, ademais, afecta especialmente á nosa cidade xa que a vida cultural e artística é un dos elementos singulizadores de Santiago de Compostela.

Esta previsible medida, tamén, xera unha grave e grande incerteza para todas as persoas creadoras e traballadoras da música ao vivo. Un sector que debemos protexer e ao que debemos recoñecer o seu estrito cumprimento dunha normativa rigorosa sabendo adaptar este coñecemento e códigos de traballo para garantir a seguridade sanitaria da cidadanía na pandemia.

Neste sentido, Compostela é unha cidade especialmente afectada pola crise da cultura e da música ao vivo, parte fundamental da nosa ideosincracia e singularidade. Mais tamén da nosa economía posto que a actividade cultural aglutinaba, en 2017, o 3,2% das afiliacións totais do municipio á seguridade social, o que supuña o 9,5% das afiliacións culturais do conxunto de Galicia. Un ecosistema empresarial que aglutinaba, segundo os datos do *Informe da Cultura Municipal 2019*, a 422 empresas culturais que supúñan o 4,4% das empresas do Concello.

É por todo isto que en Santiago necesitamos trazar un roteiro e estratexia propia, sobre todo, nestes tempos pandémicos de restricións de aforos que fixeron saltar polos aires a política expansiva de públicos que priorizaban as institucións culturais. Agora, na época dos aforos hiperreducidos, precisamos mudar a orientación das prioridades e posibilitar, en primeiro termo, un sólido apoio ás empresas e os entes sen ánimo de lucro da cidade.

As institucións públicas, o sector privado e tamén o sector comunitario da cultura de Santiago están a comportarse de xeito exemplarizante, seguindo as normas establecidas, para continuar operando.

Por todo o anterior, e porque é de xustiza apoiar a música ao vivo e a cultura segura, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago:

1. Manifesta o seu apoio e solidariedade co sector da cultura e especialmente da música ao vivo, recoñecendo o seu comportamento exemplar a pesar de ser un dos ámbitos máis afectados polas restricións derivadas da emerxencia sanitaria e a crise da covid-19.

Translada ao Ministerio de Sanidade e ao Ministerio de Cultura a súa disconformidade coa posibilidade de implementar futuras medidas que sexan, aínda, máis restritivas e non confíen na cultura segura, que tén demostrado a súa fiabilidade ata o momento.

2. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, e a todos os grupos que contén con representación galega nas cortes do Estado.

MOCIÓN DE URXENCIA RELATIVA Á SENTENCIA 121/2021 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL NUMERO 4 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do artigo 85 in fine do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este 27 de abril o Xulgado do Social número 4 de Santiago condenou á empresa concesionaria do transporte urbano de Santiago a readmitir a un traballador -que viña realizando para a anterior concesionaria da liña Santiago-Aeroporto-Santiago o traballo de condutor- ou, a súa elección, á extinguir a relación laboral con abono da correspondente indemnización. Ante tales posibilidades, o Grupo Municipal Popular propón o seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se realicen as xestións oportunas para a acadar a readmisión do traballador afectado e para aplicar o mesmo criterio aos traballadores que se atopen nunha situación similar.”

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a recuperación do servizo de pediatría no centro de saúde de Conxo, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a recuperar o servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Conxo, garantindo a atención presencial diaria e a cobertura da praza no caso da ausencia da súa persoa titular.
2. Instar á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso para a construción do novo Centro de Saúde de Conxo, incorporando nos orzamentos de 2022 unha partida específica dun mínimo de dous millóns de euros.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para consensuar co colectivo de artesáns e artistas de rúa unha regulación non excluínte coa artesanía e as artes de rúa, á que presentou emenda o BNG, que foi aceptada polo grupo propoñente da moción, e tras a votación o Pleno da Corporación por 7 votos a favor

correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a presente moción.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para que o concello cumpra o acordo adoptado en xunta de portavoces sobre axudas directas ao comercio e hostalería, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Iniciar o procedemento para aprobar un modificativo de crédito, do orzamento de 2021, para incorporar 1,5 millóns para unha nova partida de axudas directas para o comercio e hostalería.
2. Acordar cos grupos e co tecido asociativo do comercio e a hostalería de Santiago, as bases para estas nova axudas directas.

No tocante ás mocións presentadas polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular con respecto á dotación de servizos no lugar da Curuxeira-Conxo, e despois de chegar a un texto transaccionado entre os dous grupos políticos, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, que por parte do correspondente órgano de goberno local, se teñan en conta as demandas da veciñanza do lugar da Curuxeira na parroquia de Conxo relativas a:

- Melloras na accesibilidade e limpeza da rede viaria.
- Implantación progresiva do servizo de saneamento, coa solución do problema ambiental xerado polo depósito de augas residuais nesta zona.
- Clausura do vertedoiro incontrolado situado no alto da autovía entre a Curuxeira e o Casal.

Con este fin adoptáranse as medidas necesarias e a inclusión progresiva nas previsións orzamentarias e de planificación que sexan procedentes.

Con respecto á moción dos catro grupos políticos municipais que substitúe a inicialmente presentada polo BNG para manter a categoría do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro coas medidas de seguranza aeronáutica que lle corresponden durante as 24 horas diarias, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

- 1.- Trasladar a AENA e aos órganos de goberno correspondentes a necesidade de que o aeroporto de Santiago – Rosalía de Castro, manteña os máximos estándares de seguranza aeronáutica e manteña os postos de traballo e a calidade dos servizos que debe prestar.

2.- Trasladar a AENA e aos órganos de Goberno correspondentes a petición de reabrir o servizo de cafetería, de acordo coas posibilidades que ofrecen os decretos sanitarios sobre a pandemia da covid-19.

Con respecto á moción presentada polo BNG para ampliar o conservatorio coa dotación de persoal necesario para atender a demanda existente e impartir novas especialidades, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular acorda, instar á Xunta a realizar os trámites para a ampliación das infraestruturas e dos recursos humanos necesarios no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, co obxecto de atender a demanda de prazas existente e para incrementar a oferta de especialidades, incluíndo as de música tradicional e órgano.

No tocante á moción dos catro grupos políticos municipais que substitúe a inicialmente presentada polo BNG sobre o futuro do sector financeiro en Galicia, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1.- Expresar o apoio da Corporación municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego.

2.- Instar ás Administracións Públicas a desenvolver, no seu respectivo ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galicia.

3.- Instar ás Administracións Públicas a impulsar, no exercicio das súas competencias, unha regulación do sector bancario que evite os perigos da concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos.

4.- Trasladar este acordo ás direccións das principais Entidades financeiras que operan en Galicia para que reconsideren as súas decisións contrarias a este acordo e manteñan o servizo á súa clientela.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para que o concello apoie a música ao vivo e a cultura segura, á que presentou emenda in voce o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos políticos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda:

1. Manifestar o seu apoio e solidariedade co sector da cultura e especialmente da música ao vivo, recoñecendo o seu comportamento exemplar a pesar de ser un dos ámbitos máis afectados polas restricións derivadas da emerxencia sanitaria e a crise da covid-19.

Trasladar ao Ministerio de Sanidade e ao Ministerio de Cultura a súa disconformidade coa posibilidade de implementar futuras medidas que sen o fundamento debido sexan, aínda, máis restritivas e non confíen na cultura segura, que ten demostrado a súa

fiabilidade ata o momento.

2. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, e a todos os grupos que contén con representación galega nas cortes do Estado.

No tocante á moción de urxencia presentada polo grupo municipal do Partido Popular relativa á Sentenza 121/2021 ditada polo Xulgado do Social número 4, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Que por parte do correspondente órgano do goberno local se realicen as xestións oportunas para a acadar a readmisión do traballador afectado e para aplicar o mesmo criterio aos traballadores que se atopen nunha situación similar.

Remata a sesión ás 19:40 horas. Dou fe.